



CURSO DE URBANISMO PARA ARQUITECTOS E OUTROS TÉCNICOS AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN

Santiago de Compostela 2.016 | 2.017



■ Obxectivos do curso

Este curso está destinado aos arquitectos que exerzan ou desexen exercer a súa profesión ao servizo da administración local no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e a aqueles que pretendan profundar na formación de determinados aspectos profesionais ligados coa lexislación e o urbanismo.

Aínda que a formación académica tradicional do arquitecto orientábase fundamentalmente cara ao exercicio libre da profesión, a actual diversificación e especialización do seu traballo xerou novas expectativas profesionais. Unha delas é a Administración Local, que nos últimos anos ven demandando un maior número de profesionais, cunha adecuada preparación.

Dado que a forma de actuación profesional debe ser indiferente dependendo do “lado da mesa” no que nos atopemos, considérase necesario ofrecer unha adecuada preparación en relación ao que representa o traballo como arquitecto dentro da administración local.

Existe pois, por unha banda, unha demanda dos municipios galegos de persoal técnico cualificado, e por outra, unha necesidade dos arquitectos de mellorar e completar a súa formación con vistas a desenvolver de forma efectiva o traballo cotián dun técnico ao servizo da administración local. Este curso pretende, por tanto, reforzar a capacitación profesional dos arquitectos, no marco da inexcusable e inaprazable obrigação dos Concellos de contar con eles como únicos técnicos capaces de xestionar a área de urbanismo das entidades locais.

O abanico de posibilidades é moi amplo: urbanismo, edificación, rehabilitación, xestión urbanística, valoracións, etc. A maioría delas son obxecto de cursos das distintas áreas, pero parece razoable recompilalas baixo o prisma da Administración e non do administrado.

A extensión e contidos do temario enténdense como mínimos para obter unha visión global das posibilidades profesionais que ofrece a administración; e permiten dotar ao arquitecto de coñecementos, fundamentalmente prácticos e operativos, en materia de administración e xestión, adecuados ás necesidades laborais do arquitecto municipal.

En definitiva, é de interese a formación integral dos nosos colexiados, a fin de ofertar á sociedade unha resposta á necesidade de profesionalización e capacitación das áreas de urbanismo dos concellos galegos. Nada mellor que o coñecemento para dignificar o traballo diario dos arquitectos municipais.

- **Perfil dos alumnos:** Perfil técnico ou xurídico.
- **Duración:** 200 horas.
- **Máximo número** de alumnos: 50 alumnos.

■ **Dirixido a**

Arquitectos interesados en ampliar os seus coñecementos cunha formación especializada no campo do urbanismo. Profesionais en exercizo do ámbito urbanístico que necesitan actualizar os seus coñecementos en xestión urbanística.

Persoal das diferentes administracións públicas de Galicia: funcionarios de carreira ou persoal interino dos grupos A e B que están en posesión do título de licenciado, arquitecto, arquitecto técnico o enxeñeiro, e personal laboral dos grupos I y II que se encontren en posesión de calquera dos títulos anteriormente citados.

■ **Recoñecementos oficiais**

Este curso está homologado pola Escola Galega de Administración Pública.

■ **Dirección académica**

- Juan Raposo Arceo. Licenciado en Dereito e Profesor de la UDC.
- Elvira Carregado Pazos. Arquitecta.
- Ignacio Soto González. Arquitecto.

Programa

		Día 17.11.2016
09:00h - 10:00h	Apertura	
10:30h - 14:00h	Carlos Aymerich Cano Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público. Obxecto. Aplicación. Principios xerais. Dereitos dos cidadáns. Garantías no desenvolvemento do procedemento.	
15:30h - 20:00h	Juan Salguero del Valle Organización administrativa do urbanismo. Competencias estatais e autonómicas. A competencia municipal.	
		Día 24.11.2016
09:30h - 14:00h	José Daniel Turrado Sánchez Manuel Borobio Sanchiz Análisis territorial. Utilización de novas tecnoloxías. Información e diagnose.	
15:30h - 20:00h	Antonio Alonso Fernández Nadia Díaz Informes no ámbito das administracións públicas. Técnica de redacción de informes. Casos prácticos. Os informes técnicos de plan e xestión urbanística. Os informes técnicos de licenzas e disciplina urbanística.	
		Día 01.12.2016
09:30h - 14:00h	Manuel Borobio Sanchiz Ordeación, planificación e xestión territorial. DOT e POL.	
15:30h - 20:00h	Javier Sanz Larruga Procedemento administrativo. Iniciación. Ordenación. Instrución e finalización. Termos e prazos. Procedemento.	
		Día 15.12.2016
09:30h - 14:00h	Carlos Pérez González Acto administrativo. Concepto, clases e elementos. Eficacia e validez. Notificación. Execución. Revisión de oficio.	
15:30h - 20:00h	Concepción Campos Acuña Novo procedemento administrativo electrónico.	

		Día 12.01.2017
09:30h - 14:00h	Iago Pérez Idoncha A Lei orgánica 15/1999 de protección de datos.	
15:30h - 20:00h	José Manuel Pardellas Rivera Recursos das facendas locais. Clasificación. Ingresos de dereito público e privado. Taxas. Contribucións especiais. Prezos públicos. Impostos municipais.	
		Día 19.01.2017
09:30h - 14:00h	Ángela Viquiera Allo Persoal ao servizo da administración local: adquisición e perda da condición de funcionario. Provisión de postos e situacións administrativas. Funcionarios de carreira. Interinos. Persoal eventual. Persoal laboral. Dereitos e deberes. Sistema de retribucións. Incompatibilidades. Réxime disciplinario.	
15:30h - 20:00h	Xosé Manuel Tato Camino Plans de mobilidade. Plans de infraestruturas básicas de servizo.	
		Día 26.01.2017
09:30h - 14:00h	María José Valenzuela Rodríguez Réxime urbanístico da propiedade de chan. O estatuto da propiedade do chan: facultades e deberes.	
15:30h - 20:00h	Xosé Francisco Freire Corzo Planeamenxo xeral. Contido, determinación e alcance das normas urbanísticas municipais. Obxecto, contido e alcance do plan de desenvolvemento.	
		Día 02.02.2017
09:30h - 14:00h	Luis Jaime Rodríguez Fernández Proxectos de obras na administración municipal. Tramitación. Prego de cláusulas administrativas e de condicións técnicas. Expedientes de licitación e contratación.	
15:30h - 20:00h	Oscar Peña Sánchez Redacción dos plans parciais: deseño urbano. Estrutura tipolóxica. Normativa urbanística. Plans de sectorización. Caso práctico.	

		Día 09.02.2017
09:30h - 14:00h	Alfonso Díaz Revilla Redacción dos plans especiais: tipoloxía. Normativa urbanística. Caso práctico.	
15:30h - 20:00h	Manuel María Chaín Pérez Plans especiais de conxuntos históricos. Problemas asociados a bens inmoables protexidos: criterios de catalogación e de intervención. Consecuencias urbanísticas da lexislación de protección do patrimonio.	
		Día 16.02.2017
09:30h - 14:00h	Berta Rosón Varela Regras xerais de equidistribución. Áreas de repartición. Aproveitamento tipo. Polígonos de execución. Conceptos de execución. Actuacións sistemáticas e asistemáticas. Caso práctico.	
15:30h - 20:00h	José Ángel Oreiro Romar Obtención de terreos de sistemas xerais e dotacións públicas. Estudios de detalle. Obxecto, contido e tramitación.	
		Día 23.02.2017
09:30h - 14:00h	Martín Fernández Prado Proxectos de urbanización. Caso práctico.	
15:30h - 20:00h	Manuel Carbajo Capeáns Estrutura urbana. Equipamentos. Establecemento de estándares. O espazo público urbano. Criterios de deseño.	
		Día 02.03.2017
09:30h - 14:00h	Alfredo Cerezales Fernández Sistemas de actuación.	
15:30h - 20:00h	Juan Raposo Arceo Lexislación sectorial I: espazos de réxime especial, rustico, costas, montes, augas.	

		Día 09.03.2017
09:30h - 14:00h	Carmen Rodríguez Andrade Sistemas de infraestruturas de servizos. A (des)coordinación entre a planificación urbanística e a planificación sectorial. Estudo específico da planificación das redes de distribución eléctrica. Licenzas e comunicacións previas.	
15:30h - 20:00h	Carlos Calzadilla Bouzón A avaliación ambiental e autorizacións sectoriais en materia de medio ambiente.	
		Día 16.03.2017
09:30h - 14:00h	Esther Sánchez Espiñeira Valoración inmobiliaria. Réxime de valoracións. Catastro.	
15:30h - 20:00h	José María Domínguez Blanco Protección da legalidade urbanística. Infraccións e sancións urbanísticas.	
		Día 23.03.2017
09:30h - 14:00h	Vanesa Gómez Pacheco As licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa.	
15:30h - 20:00h	Almudena Fernández Carballal O deber de conservación e ruína. Ordenes de execución.	
		Día 30.03.2017
09:30h - 14:00h	Eduardo Alonso Lois Normas de Habitabilidade en Vivendas en Galicia.	
15:30h - 20:00h	Juan Marcos Pérez Gulín Emma Noriega García Os procesos de participación cidadana no planeamento.	
		Día 06.04.2017
09:30h - 14:00h	Helena Mosquera García Normativas técnicas de observancia na licenza e comunicación previa.	
15:30h - 20:00h	Ignacio Soto González Obradoiro de licenzas.	

		Día 20.04.2017
09:30h - 14:00h	José Luis López Cousillas Normativa técnica de Accesibilidade y supresión de barreiras arquitectónicas.	
15:30h - 20:00h	Eduardo Alonso Lois José Ángel Hermo Túñez Os informes de avaliación de edificios [IEE]	
		Día 27.04.2017
09:30h - 14:00h	Ignacio Soto González As actuacións de dotación e renovación do solo urbanizado. A Rexeneración da cidade.	
15:30h - 18:00 h	Juan Raposo Arceo Réxime transitorio.	
18:30h - 20:00h	Clausura Jaime Rodríguez-Arana Muñoz A ética na función pública e o urbanismo.	